

ACTA Nº 2018/9
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, sábado 1 de setembro de 2018 -

No día de hoxe, ás 11:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnenos os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

AUSENCIAS:

AMPARO CALVO GONZALEZ (BNG)

XESUS MANUEL SOTO VIVERO (BNG)

CRISTINA CALVO TUIMIL (PP)

SECRETARIA:

IRIA LUISA DÍAZ GAVELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR DE DATA 7 DE XULLO DE 2018 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 10 DE AGOSTO DE 2018 ÁS 13:00 HORAS.

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobada por unanimidade as actas das sesións ordinaria do 07.07.2018 e extraordinaria do 10.08.2018 ás 13:00 horas.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O NÚMERO 98/2018 ATA O NÚMERO 141/2018.

- Os concelleiros e concelleiras danse por enterados.



3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 114/2018 DE DATA 26 DE XULLO DE 2018, SOBRE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 98/2018 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Pleno dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 134/2018 DE DATA 14 DE AGOSTO MEDIANTE A QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO 2017.

O Pleno dáse por enterado.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE IDENTIDADE VISUAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, **sendo aprobada a súa urxencia por unanimidade.**

Apreciada a urxencia, procédese ao tratamento da proposta de alcaldía que literalmente transcrita di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA IDENTIDADE VISUAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

O Concello de San Sadurniño conta dende o ano 2013 cun Regulamento de identidade visual de cara a determinar cal é a identidade corporativa institucional do Concello e regular o seu uso.

Logo de cinco anos dende a súa aprobación, debido aos cambios producidos nos dominios das páxinas web, faise preciso facer unhas sinxelas modificacións de cara a actualizar os logotipos corporativos.

Neste senso, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación do mes de setembro de 2018, para o seu debate e aprobación, o texto que segue, para modificar o dito Regulamento de identidade visual.

ANEXO

Modificación do Regulamento de identidade visual do Concello de San Sadurniño

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA IDENTIDADE VISUAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Primeiro.- Modifícase o anexo II do Regulamento de identidade visual do Concello de San Sadurniño, que terá o seguinte contido:



IDENTIFICADOR PRINCIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO:



IDENTIFICADOR SECUNDARIO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO:



IMAGOTIPO:



LOGOTIPO:



ELEMENTOS DA IDENTIDADE CORPORATIVA:





TIPOGRAFÍA DO LOGOTIPO:

A tipografía corporativa é a do logotipo do Concello de San Sadurniño: a **Myriad Pro**. Os futuros materiais a realizar deberán cingirse ao máximo ao uso desta tipografía.

Amosamos abaixo a versión empregada, e a súa correspondente itálica:

<p>Myriad Pro ABCDEFGHILMNÑOPQRSTUVWXYZ abcdefghilmnñopqrstuvwxyz 1234567890.,¿?!%/()</p>	<p>Myriad Pro Italic ABCDEFGHILMNÑOPQRSTUVWXYZ abcdefghilmnñopqrstuvwxyz 1234567890.,¿?!%/()</p>
--	---



TIPOGRAFÍAS COMPLEMENTARIAS:

Dentro da familia da Myriad Pro existen tipografías válidas para o seu uso complementario.

<p>Myriad Pro Black ABCDEFGHILMNÑOPQRSTUVWXYZ abcdefghilmnñopqrstuvwxyz 1234567890.,¿?!%/()</p>	<p>Myriad Pro Light ABCDEFGHILMNÑOPQRSTUVWXYZ abcdefghilmnñopqrstuvwxyz 1234567890.,¿?!%/()</p>
--	--

CORES:

As cores reproduciranse, tanto por tintas planas coma por cuatricomía, no caso desta última os valores de descomposición CMYK amósanse a continuación:

	Pantone 376	Cían: 56 Maxenta: 0 Amarelo: 100 Negro: 0
	Pantone 3425	Cían: 100 Maxenta: 0 Amarelo: 76 Negro: 38



Segundo.- En cumprimento do establecido nos artigos 49 e 70-2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o seguinte o da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e se presenten, no seu caso, as reclamacións que se estimen oportunas.

Se transcorrido ese prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o modificación do Regulamento."

O alcalde explica que a modificación é puramente anecdótica que consisten en incluír formalmente o cambio de denominación que se produciu no dominio web do concello, pasando a constar na imaxe corporativa o dominio .gal, en lugar do .es que aparecía na actualmente aprobada.

A continuación cédelle a palabra á portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, que anuncia o voto a favor.

O portavoz do PP, Manuel Romero, anuncia tamén o voto favorable.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, resultando **aprobada por unanimidade**.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3/2018, SUBEXPEDIENTE 1/2018 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada a súa urxencia con seis votos a favor e dúas abstencións**; procedéndose ao tratamento da mesma:

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Preténdese pola alcaldía a realización dunha serie de gastos con carácter urxente e que son inaplazables, non sendo posible a súa demora ata o exercicio seguinte.

Na memoria e providencia de alcaldía que forman parte do expediente expóñense con detalle os gastos que se pretende executar con cargo ao expediente de crédito extraordinario e suplemento de créditos que son os seguinte:

1.- Dotación de crédito para a aportación municipal para a execución do seguinte proxecto: "3ª Fase de actuacións en Accesos, Recorridos, Sinalizacións e Consolidacións no Castelo de Naraío" por importe de 37.750 euros. O Concello solicitou unha subvención nominativa por importe de 151.000 euros á Deputación da Coruña para a execución dunhas obras de acondicionamento no Castelo de Naraío de forma que se asegure a súa conservación e se poña en valor o patrimonio histórico do Concello. O importe ao que ascende o proxecto é de 188.750 euros (IVE incluído), debendo aportar o concello o 20 % do importe. O proxecto de dita subvención é redactado pola Xunta de Galicia e está previsto que sexa entregado ao concello en próximas datas debendo nese momento remitirse á Deputación e tras a sinatura do convenio iniciarse a licitación da obra para o que será preciso contar co importe correspondente á aportación municipal.

2.- Execución do proxecto de "Melloras na área deportiva e recreativa de Currás" por importe de 26.445,12 euros. As obras que se propoñen é preciso que estén finalizadas antes da primavera do ano que ven, momento de maior afluencia á área recreativa e dado que o prazo de execución das obras é de tres meses e quea meteoroloxía no inverno pode ralentizar a execución das obras é preciso que as mesmas se inicien antes de que finalice este exercicio.

3.- Execución do proxecto de Mellora da eficiencia enerxética nos alumeados do entorno do convento do Rosario, Pazo da Marquesa e xardíns por importe de 26.754,92 euros. Con ocasión da liquidación do orzamento do concello correspondente ao exercicio 2017 verificouse o incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto polo que será preciso que o Concello aprobe un plan económico financeiro e adopte medidas de contención dos gastos e de incremento dos ingresos de forma que permita o cumprimento de ditos obxectivos. Como medida para acadar estes obxectivos considérase como urxente a execución deste proxecto que permitirá unha importante redución nos gastos de suministro de enerxía eléctrica.

4.- Execución do proxecto de Escollera en O Pico, reparacións na pista de A Ribeira e outros por importe de 24.449,51 euros. A obra consiste na realización de intervencións por razóns de seguridade viaria en distintas pistas municipais que non admiten demora coa finalidade de evitar accidentes nos viais incluídos no proxecto.

5.- Execución da obra de Pavimentación dos camiños de Cornide e O Cancelo, Vilaverde e Brame por importe de 23.764,63 euros. O 14 de setembro de 2017 adxudicouse á empresa Concifa SL a realización de diversas reparacións nas pistas incluídas no presente proxecto. Ante o incumprimento pola empresa do prazo de execución da obra este Concello tras múltiples requerimentos á empresa ten previsto proceder nos próximos días á resolución do contrato por incumprimento do prazo de execución. Tendo en conta que as obras incluídas no proxecto non poden demorarse máis pois xa deberían terse executado hai moitos meses inclúense neste expediente aos efectos de minimizar os danos causados aos veciños afectados polo retraso da empresa na execución dos traballos.

Á vista do exposto, e tendo en conta o informe de secretaría-intervención 59/2018 e o certificado constan no expediente **PROPOÑO AO PLENO** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 3/2018 subexpediente 1/2018 de crédito extraordinario e suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 139.164,18 euros de conformidade co seguinte detalle:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Programa	Económico	Descrición	Importe
933	60900	Aportación Convenio Castelo Naraío coa Deputación	37.750,00
342	61900	Mellora na área deportiva e recreativa de Currás	26.445,12
165	61900	Mellora da eficiencia enerxética nos alumeados do entorno do Convento do Rosario, Pazo da Marquesa e xardíns	26.754,92
TOTAL			90.950,04



SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Programa	Económico	Descripción	Importe
453	61900	Escollera en O Pico	24.449,51
453	61900	Pavimentación camiños Cornide	23.764,63
TOTAL			48.214,14

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 139.164,18 euros.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

TERCEIRO.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, o Pleno deberá resolvelas no prazo dun mes."

O alcalde explica que é unha modificación para incorporar ao ano 2018, froito da aprobación da liquidación do ano 2017, unha cantidade aproximada de 140.000 euros que van destinados aos seguintes investimentos:

- Aportación do 20% do Concello ás obras da "3ª fase de actuacións en accesos, recorridos, sinalizacións e consolidacións no Castelo de Naraío", que financiará a Deputación da Coruña. A este proxecto a Xunta de Galicia aporta o valor da redacción do proxecto técnico e dirección facultativa e ao Concello suponlle aportar 37.750 euros.
- "Melloras na área deportiva e recreativa de Currás". Co fin para rematar as obras que se fixeran alí, por importe 26.445,12 euros nos que se inclúe a pavimentación do aparcamento e mellora do drenaxe para mellorar esas instalacións.
- "Mellora da eficiencia enerxética nos alumeados do entorno do Convento do Rosario, Pazo da Marquesa e xardíns". Consistirá en substituír todos os alumeados instalados neses espazos para reducir o consumo e iluminar as fachadas do Pazo da Marquesa, o centro municipal de empresas e a escola infantil con LED's de baixo consumo; sendo necesaria para a posta en valor de elementos do patrimonio municipal ao tempo que permite aforrar no gasto corrente do Concello.
- "Escollera en O Pico, reparacións na pista de A Ribeira e outros". Por importe 24.449 euros, son obras fundamentalmente de melloras de seguridade viaria, froito de desperfectos que sofren esas infraestruturas ou nos que se producen accidentes de circulación como a curva de Pirullelle, no límite co Concello de Neda.
- "Pavimentación dos camiños de Cornide e O Cancelo, Vilaverde e Brame". Estas obras, que supoñen un importe de 23.764,63 euros, estaban incluídas no POS 2017 e que, como consecuencia do incumprimento das condicións do contrato da empresa adxudicataria, se está en fase de rescisión do contrato á empresa adxudicataria por incumprimento da empresa. A outra parte do proxecto aprobarase nun novo proxecto para seguir coa tramitación, pero estes dous



camiños que teñen que quedar fóra do novo proxecto, poden realizarse con cargo á incorporación deste remanente do ano pasado.

O alcalde cédelle a palabra á portavoz do PSOE que anuncia o seu voto favorable, manifestando que están de acordo coas obras que se propoñen e baseándose no informe favorable de secretaría-intervención.

O portavoz do PP, Manuel Romero, di que comparten moitas das obras que pretenden incluír, pero que con outras non están tan de acordo; polo que anuncia a abstención do seu grupo.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, resultando **aprobada con 6 votos a favor e 2 abstencións.**

7.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentan mocións de urxencia, polo que se pasa ao seguinte punto.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo ningún rogo o alcalde dá a palabra aos grupos para a formulación de preguntas.

A concelleira do PP, Belén Trigo, pregunta en relación ao punto tres no que se dá conta dunha resolución, por que antes os pagos facíanse pola tesourería, porque esa dación se fai a favor do alcalde? Xa que no punto tres se aproba un cargo a favor do alcalde para adiantar os pagos. Eso non se facía antes pola tesourería?

O alcalde resposta que para facer os pagos hai un procedemento establecido na Lei de Facendas Locais que establece que ten que haber tres claveiros que pagan coa súa sinatura tras o control de fiscalización previo de calquera factura e a aprobación da mesma por un órgano. Explica que as figuras dos claveiros son desde sempre a alcaldía, tesourería e secretaría-intervención. Tamén dá conta de que o que cambiou coa reforma da lei foi que a tesourería debe recaer en persoal funcionario de habilitación estatal, polo que conflúe na figura do secretario-interventor a figura do interventor e do tesoureiro.

A concelleira Trigo Meizoso comenta que o outro día poden ver no Festival de Naraío que parece que se tomou nota de algo que eu viña poñendo de manifesto en distintos plenos, vin a colaboración do SPEIS de Narón e eles non colaboran se non hai plan de emerxencias. En relación a esto a miña pregunta e se no festival do Castro de Naraío existía plan de emerxencias.

O alcalde responde que ese festival non o organiza o Concello, pero que os organizadores presentaron toda a documentación legalmente requirida; xa que do contrario non se lle autorizaría; ao igual que calquera actividade que se organiza no termo municipal por parte de entidades privadas.

A concelleira do PP pregunta se podería consultar dito expediente. O alcalde resposta que pode consultar toda a documentación á que teñen acceso as concelleiras e concelleiros.

A concelleira do PSOE pregunta a respecto do retraso na presentación da liquidación do 2017, xa que a lei establece que se debe aprobar antes do 1 de marzo de 2018.

O alcalde contesta que é unha cuestión máis formal de trámite administrativo que de fondo, xa que o debate político non é sobre o prazo no que se aproba, que non pode facerse ata estar efectivamente elaborada; xa que na configuración da mesma inflúen moitos factores: o peche da contabilidade do ano anterior, obras do ano anterior que se executan no presente, o propio factor humano das persoas que levan a contabilidade, etc; pero esta cuestión non afecta ao funcionamento normal do Concello. Asegura

que o Concello de San Sadurniño, cando menos nos últimos anos, vén aprobando a liquidación fóra do prazo establecido pola lei. Manifesta que con esta explicación non pretende xustificar que se faga fóra do prazo ou se retrase innecesariamente, de feito sería mellor incluso para o propio goberno municipal, que podería botar man dos remanentes do ano anterior que se desprenden da mesma con máis antelación.

A concelleira Vázquez Pazos pregunta se vai haber que elaborar un plan económico financeiro que permita o cumprimento no ano en curso e no seguinte dos obxectivos da regra de gasto, estabilidade orzamentaria e o límite de endebedamento, cuxo incumprimento se manifesta no informe de intervención.

O alcalde responde que está preguntando algo que xa leu no informe, polo que non entende por qué efectúa esa pregunta.

A concelleira do PSOE pregunta a respecto das facturas pendentes de aprobación correspondentes a enerxía eléctrica que xa veñen de exercicios anteriores e que non se atopan fisicamente no concello se son duplicados e que pasa con elas.

O alcalde di que o goberno aproba as facturas que os técnicos levan aos órganos colexiados e o traballo de fiscalización previa ten certas dificultades e coa facturación eléctrica estase producindo un problema importante en todas as administracións, xa eu hai que comprobar a correspondencia das facturas co subministro prestado e prodúcense duplicados en ocasións. O pago destas facturas non é unha cuestión de decisión política.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 11:49 horas, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

Secundino García Casal



A secretaria

Iria Luisa Díaz Gavela



